


 **733 Clara**



*A agricultura
do futuro nas
túas mans*

Lely Horizon

O seguinte paso no futuro da súa explotación é a predición. Dea un paso adiante na xestión da súa explotación con Lely Horizon e sáquelles o máximo partido aos seus datos. Aproveite a información aplicando algoritmos intelixentes para predicir rendementos e obter opcións precisas de optimización da súa explotación. Consiga unha indicación clara e nunha fase precoz das vacas sospeitosas de padecer cetose e reciba consellos de tratamentos. Horizon está dispoñible en dous paquetes: Control e Advance. Comprobe cal se adapta mellor ás súas necesidades.

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.



*Coñece máis sobre a
Cooperativa San Miguel de
Aralar (Oskotz, Navarra)*

9 Lely Astronaut A3 Next



Cooperativa San Miguel de Aralar, pioneira no muxido robotizado en granxas XL

Ter un protocolo para as rutinas diarias e automatizar o muxido son dous dos eixes fundamentais para o manexo desta gandería navarra, que leva desde hai 12 anos con 9 Lely Astronaut A3 Next, cos que moxen na actualidade 535 vacas.

TESTEMUÑOS

Ismael Lorente, Javier Fernández,
Marian Iribarren e Unai Etxaiz

Hai que remontarse ao ano 1964 para chegar aos inicios da Cooperativa Agropecuaria San Miguel de Aralar (Oskotz, Navarra). Marian Iribarren, encargada da xestión, lembra que “os artifices foron un socio, que era o que máis terras tiña naquel momento, e o párroco do lugar”. Xa en 1969 empezaron cos trámites para reagrupar nunha única localización todas as explotacións coas que traballaban. Actualmente está conformada por 28 persoas, das cales 7 son socios e o resto, traballadores por conta allea.

Javier Fernández, xerente da cooperativa desde hai máis de catro anos, explica que a entidade manexa gando ovino e bovino. En canto a este último, afirma que “somos unha granxa XL, con

9 robots de Lely”. Teñen un total de 1.050 animais, dos cales 535 son vacas en muxido, que producen unha media de 40 litros/vaca/día, cun 3,70 % de graxa e un 3,20 % de proteína.

UNHA DÉCADA CON 9 LELY ASTRONAUT A3 NEXT

Unai Etxaiz, delegado de vendas de Lely en País Vasco, Navarra e Cataluña, apunta que esta cooperativa é pioneira na automatización de granxas XL: “É unha explotación que empezou co muxido robotizado no ano 2001 e en 2010 foi cando adquiriron as 9 unidades do Lely Astronaut A3 Next”. As máquinas están distribuídas entre as dúas naves.

Na primeira hai instalados seis robots: dous para un lote de 120 vacas e un para 60, todas elas primíparas; os outros tres están situados noutra zona da nave, dous dos cales moxen dous lotes de vacas adultas e o terceiro destínase a 60 animais de segundo parto.

Na segunda nave dispoñen doutras tres máquinas: dúas para uns 120 animais adultos e unha terceira para 60 vacas, das cales 30 están en cama quente. “Este é o robot de posparto; aquí traemos todas as múltiparas que paren. Esta máquina posúe dobre acceso: un para as vacas que están en cubículo e outro para as de cama quente, é dicir, hai dúas entradas diferentes para o mesmo robot”, relata Ismael Lorente, presidente da cooperativa.

Pola súa banda, a recría atópase noutra nave en cama quente desde os 3 ata os 8 meses; logo pasa a cubículos ata antes de inseminar.

En canto á alimentación, a ración das vacas de produción componse de 16,7 kg de silo de millo, 11,4 kg de silo de herba, 8 kg de silo de polpa de remolacha, 1 kg de palla, 8 kg de *cebadilla* e 6 kg de penso *unifeed*, mentres que a das vacas secas de 3 kg de palla, 2 kg de herba seca, 13 kg de silo de herba e

Unha persoa encárgase do
mantemento das máquinas



2 kg de penso. “Ás xatas ata os 5 meses danlles penso granulado e palla picada; finalmente, os animais de 5 a 8 meses comen a ración de alta produción. “Ás xovencas que se van inseminar e ás que xa están preñadas, como dispoñen do Lely Cosmix, non lles damos penso na ración, senón que elas mesmas entran e comen o que lles determina a máquina”, indica Lorente.

MELLOR CALIDADE DE VIDA COA AUTOMATIZACIÓN

Para atender os nove robots contan con dúas persoas que “meten vacas atrasadas ou controlan se hai algún problema; o de posparto é o que dá máis traballo. Con tres horas ao día temos o muxido controlado”, relata Lorente. Todo está organizado para funcionar de forma áxil, así é que unha persoa se dedica á alimentación, outra á recría e os dous empregados que se centran nos robots tamén acondicionan os cubículos. “Eu fago as inseminacións e a miña compañeira María José Iribarren dá tratamentos e revisa as vacas enfermas. Ambos somos encargados da gandería de vacún”, resalta Ismael.

Esta explotación está protocolizada: os luns levan as vacas a parto en cama quente; os martes realizan os secados; os mércores encaman; os xoves revisan as patas e os venres ou luns

teñen reprodutivo. “Os traballos están totalmente definidos; así cada un sabe a súa función”, puntualiza o presidente. Así mesmo, nesta cooperativa danlle importancia á calidade de vida que lles ofrecen aos traballadores, por iso fan xornadas continuas: “Cando necesitamos buscar empregados, é máis sinxelo así, propoñer quendas de mañá ou de tarde”.

CONTROL DA GRANXA A DISTANCIA

Os colares de Lely facilitánlles toda a información dos animais e Ismael cóntanos que “así controlamos de maneira individual cada vaca, algo moi importante. Co robot non estás encima delas, como sucede na sala, senón que as deixas máis libres. Con mirar o ordenador media hora pola mañá xa sabes as accións que hai que executar durante o día (inseminar, detectar mamites ou cetoses etc.)”. Unha das finalidades do robot é “non molestar a vaca”, engade.

Isto permítelles aos socios ter horarios máis flexibles, posto que poden estar pendentes de como está a granxa desde o móbil. En relación coas alertas, “debemos dicir que as incidencias do robot o ano pasado polas noites foron dunhas 63 chamadas, é dicir, 7 anuais por robot”, recalca o presidente.



Os colares ofrécenlle
información individualizada
de cada vaca



En tres horas diarias
atenden os 9 robots
de muxido

CONFIANZA NOS ROBOTS DE LELY

Javier Fernández pon de manifesto a calidade dos Lely Astronaut A3 Next despois dunha década instalados: “Estamos moi contentos con este modelo. Dispoñemos dunha persoa que se encarga do seu mantemento e controla cando hai que cambiar algunha peza, xa que nos interesa sacarlles rendibilidade”.

Pola súa parte, Unai Etxaiz conclúe que “esta gandería é un bo exemplo de por que en granxas con máis de 500 vacas se debe automatizar o muxido”. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales +34 606 022 405
Lely Center Outeiro +34 671 646 745
Lely Center Aizoain +34 676 182 349
Lely Center Trazo +34 685 117 350
Lely Center Ávila +34 665 772 747
Lely Center Vila Nova +351 227 538 339

